

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: MEDIDAS ADOPTADAS COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS (COVI/19).**

**EXPEDIENTE: 2020/G003/000704**

### ANTECEDENTES:

Con motivo da situación xenerada polo coronavirus (COVI/19) e vista a Resolución do 12 de marzo de 2020 da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle da publicidade ao acordo do consello da Xunta de Galicia do mesmo día, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma, no uso das competencias recollidas no artigo 21.1.m da Lei 7/1985 de 2 de abril resolvo

**Primeiro.** Pechar o público, con efectos dende hoxe, venres día 13.03.2020, as instalacións municipais que a continuación se indican e ata novo aviso:

- Todas as instalacións deportivas, pechas e ao aire libre
- Casa da cultura de Bertamiráns
- Casa de cultura de Milladoiro ( salvo anexo no que se ubica a cafetería ao que soamente poderá accederse dende a rúa.)
- Bibliotecas municipais
- Escolas infantís de titularidade municipal ( O Bosque e a Madalena)
- Local de usos múltiples de Aldeanova
- Locais socio culturais
- Centro socio deportivo A Telleira
- Centro de maiores do Milladoiro.
- Centro formación de Aldeanova
- Aula de natureza
- Pazo da Peregrina
- Invernadoiro de Barouta

**Segundo.** Unicamente permanecerán abertas ao público as seguintes instalacións municipais :

- Casa do Concello de Bertamiráns
- Oficinas de Educación sitas nos anexos do Pazo da Peregrina
- Oficinas de Urbanismo
- Oficinas municipais de Milladoiro
- Oficina de servizos sociais de Milladoiro
- Oficina de servizos sociais da Casa da Cultura de Bertamiráns

Nestas instalacións que permanecen abertas priorízase a atención telefónica e telemática.

O teléfono de contacto é 981.883002 e 881.074.730, e recomendarase a poboación que antes de

C.I.F.: P - 1500200 - I

dirixir as instalacións indicadas concerten cita telefónica.

A dirección electrónica de contacto es <https://sede.concellodeames.gal>.

O correo electrónico de contacto é [atencionciudad@concellodeames.gal](mailto:atencionciudad@concellodeames.gal)

**Terceiro.** Suspende temporalmente dende hoxe ( 13 de marzo de 2020) e ata novo aviso os espectáculos públicos e actividades recreativas ( actividades de lecer, culturais, deportivas e similares) coa concreción seguinte:

a) espazos pechados: Suspéndese a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas con máis de 500 persoas en espazos pechados. En caso de estar por debaixo deste límite poderán celebrarse sempre que non se supere un terzo da capacidade autorizada, aplicando as medidas de distanciamento entre grupos de persoas conforme as recomendacións sanitarias. Esta limitación non afectará espazos pechados cunha capacidade igual ou inferior a 50 persoas, ben que deberán aplicarse as medidas de distanciamento entre grupos de persoas conforme as recomendacións sanitarias.

b) espazos abertos: Recoméndase a suspensión da celebración de actividades colectivas ao aire libre. En todo caso, suspéndense aquelas que concentren máis de 500 persoas (mercados, festivais, concertos, feiras, festas populares e similares). En todo caso, deberán aplicarse as medidas de distanciamento entre grupos de persoas conforme as recomendacións sanitarias

**Cuarto.** Suspende temporalmente dende hoxe, venres 13 de marzo de 2020 e ata nova aviso os servizos de:

- Aula CEMIT.
- Programas de Conciliación ( Bos Días Cole, Tardes Divertidas, e Comedores Escolares)
- Amesan
- Escolas culturais e deportivas
- Actividades de voluntariado
- Escola Municipal de Música
- Escolas infantís de titularidade municipal ( O Bosque e A Madalena)
- Servizos deportivos prestados na instalación Centro Deportivo Municipal A Telleira.
- Actividades Sanagua.
- Actividades municipais deportivas, culturais, medioambientais, de ocio e demais programadas.

**Quinto.** Suspende temporalmente dende mañá 14 de marzo de 2020 e ata nova aviso a actividade de mercadillo de Bertamiráns.

**Sexto.**- Ata novo aviso os plenos municipais será a porta pechada. Por acordo unánime dos voceiros dos grupos este ano non terá lugar o pleno do debate do estado do concello de Ames que tería que celebrarse no mes de marzo.

**Sétimo.** Medidas de carácter xeral:

1ª Recoméndase evitar as viaxes que non sexan necesarias.

2ª Non acudir aos lugares con aglomeracións de xente especialmente sitios pechados.

3ª Recoméndase ás persoas que inicien síntomas respiratorios e/ou febre que permanezan no seu domicilio, sen acudir aos centros sanitarios, sempre que a súa situación clínica o permita, e ao seu lugar de traballo. As persoas que presenten a dita situación clínica, seguindo o protocolo establecido pola Consellería de Sanidade, poderán chamar ao teléfono 061 ou ao 900400116.

4ª No realizar compras masivas de alimentos e produtos de limpeza e hixiene.

5ª Consultar as fontes oficiais de información do Ministerio de Sanidades (<https://www.mscbs.gob.es/>) e Sergas (<https://www.sergas.gal/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV>).

6º Na páxina web do Concello de Ames ( [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)) estará dispoñible información actualizada das medidas a adoptar así como a forma de proceder en caso de sospeita de coronavirus.

Ames, 13 de marzo de 2020

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo